

CONVENIO DE BASES ENTRE A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA (AGACAL) E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A PROMOCIÓN DO VIÑO DO RIBEIRO DE CALIDADE DIFERENCIADA A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DA 61 EDICIÓN DA FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO, A CELEBRAR OS DÍAS 3 A 5 DE MAIO (ART. 26 LEI 9/2007, DE 13 DE XUÑO, DE SUBVENCÍONS DE GALICIA)

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

D. José Luis Cabarcos Corral, director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), actuando en nome e representación da AGACAL, con NIF Q1500322A e enderezo institucional en Pazo de Quián, s/n, Sergude, 15881-Boqueixón, por delegación de Dona María José Gómez Rodríguez, presidenta da mesma conforme ao previsto no artigo 13 do Decreto 52/2018, de 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, e

D. César Fernández Gil, alcalde do Concello de Ribadavia, con NIF P3207000E e enderezo na Praza Maior, 4, 32400-Ribadavia (Ourense), actuando en nome e representación do Concello.

EXPOÑEN

Primeiro: A AGACAL é unha axencia pública autonómica, creada polo Decreto 52/2018, do 5 de abril, que se encadra dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). En tanto que tal, está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, nos termos establecidos na LOFAXGA. A norma de creación atribúelle, entre outras, a competencia na promoción e protección dos produtos galegos de calidade diferenciada.

Segundo: O Concello de Ribadavia, capital da Comarca do Ribeiro, ten unha fonda vinculación histórica coa viticultura de calidade, que se manifesta regularmente coa celebración da tradicional Feira do Viño. A Denominación de Orixe Ribeiro, a primeira recoñecida en Galicia, atopa neste Concello a súa representación singular. A organización da Feira do Viño do Ribeiro (Concello de Ribadavia e CRDO Ribeiro) comunicou a celebración do evento os días 3 a 5 de maio de 2024, no seu formato habitual no recinto da Alameda de Ribadavia.



Terceiro: A AGACAL estima de interese público por razóns sociais e económicas a reactivación dun evento promocional que cataliza a actividade económica e social da Comarca do Ribeiro e é coherente coas competencias estatutarias da Axencia. A feira promocional que se atende é pioneira na defensa do Viño do Ribeiro, a primeira das DO galegas. A difícil situación socioeconómica actual dificulta o financiamento desta actividade a cargo do Concello de Ribadavia polo que se require dun apoio puntual que garanta o seu normal desenvolvemento.

Por tanto, en aplicación do artigo 19.4.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, AGACAL e o Concello de Ribadavia acordan asinar o presente convenio de bases reguladoras de axuda directa, coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións nas que se concederá unha axuda ao Concello de Ribadavia para contribuír á promoción do viño de Ribeiro de calidade diferenciada.

SEGUNDA. Actividades subvencionables

A actividade a subvencionar será a organización da 61 edición da Feira do Viño do Ribeiro, a celebrar os días 3 a 5 de maio de 2024. Considéranse subvencionables as actividades realizadas ao fin que se pretende desde o 01/01/2024 ata o 08/05/2024, ambos incluídos.

TERCEIRA. Gastos subvencionables

- 1) Son subvencionables os gastos cuxa natureza responda indubidablemente á actividade subvencionada recollidos no Anexo I deste Convenio. En concreto:
 - a) Custes directos derivados do deseño da creatividade, plan de medios e execución da campaña de promoción, incluídos os custes de inserción e difusión nos medios.
 - b) Custes de aluguer de medios expositivos.
 - c) Gastos de salario e seguridade social do persoal de apoio directamente dependente do Concello exclusivamente nos días de realización do evento.
 - d) Seguros asociados
 - e) O IVE será subvencionable so cando non sexa susceptible de compensación ou recuperación.



- 2) Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. O Concello de Ribadavia está obrigada a acreditar documentalmente a efectividade dos pagos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das subvenciones concedidas.
- 3) No caso de contratación das actividades subvencionadas, de estimar un importe superior a 15.000 €, o beneficiario deberá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación.

CUARTA. Contía, financiamento e intensidade da axuda

A axuda importará un investimento mínimo de 10.000 €. A AGACAL financiará o 100 % do investimento mínimo, ata o máximo de 10.000 €, con cargo á aplicación 14A2 713D 7600 proxecto 2011 00765.

QUINTA. Compatibilidade

As axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, sen que en ningún caso o importe conxunto percibido supere o custe da actividade subvencionada.

SEXTA. Prazo de xustificación e modos de pago

- 1) O prazo de xustificación remata o 01/06/2024. A xustificación presentarase telematicamente perante a AGACAL a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR004A, no enlace <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>
- 2) O pago realizarase trala comprobación da xustificación recibida
- 3) O pagamento realizarase logo de verificación do cumprimento da obriga de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social; de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, nos termos previstos nos artigos 10º e 11º do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e de comprobar a remisión ao Consello de Contas das contas xerais do exercicio.

SÉTIMA. Xustificación

O Concello de Ribadavia presentará unha conta xustificativa que, en todo caso, incorporará os seguintes elementos:



- 1) Certificación expedida pola Secretaría do Concello de Ribadavia, co visto bo da alcaldesa, relativa a la aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - a) O cumprimento da finalidade da subvención.
 - b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo Concello, imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do acredor, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- 2) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios
- 3) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.
- 4) No seu caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.

OITAVA. Control

A AGACAL exercerá o control da actividade subvencionada cos seus medios.

NOVENA. Obriga de colaboración

O Concello de Ribadavia obrígase a prestar colaboración coa Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e co Consello de Contas no exercicio das súas funcións de control e facilitar canta documentación se requira, nos termos previstos no artigo 40.1.h) do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

DÉCIMA. Obriga de reintegro.

O Concello de Ribadavia perceptor dos fondos, comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.



UNDÉCIMA. Réxime xurídico e axudas de estado

O presente convenio formúlase como base reguladora dunha axuda directa concedida pola AGACAL ao Concello de Ribadavia. En todo canto non se dispoña nas seguintes cláusulas se estará ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei, e no Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

DUODÉCIMA. Publicidade

O Concello de Ribadavia dará adecuada publicidade da axuda da Xunta de Galicia no financiamento da Feira.

Así mesmo, o Consello Regulador outorga o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). E en proba de conformidade as partes asinan dixitalmente este convenio.

DECIMO TERCEIRA. Declaración responsable

Consonte ao previsto no artigo 10.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, o beneficiario declara responsablemente que reúne as condicións para ser beneficiario da axuda no momento da sinatura deste convenio e que comunicará á Axencia calquera modificación desta condición que eventualmente se produza durante a súa vixencia.

A Presidenta da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
Por delegación (Resolución do 24 de abril de 2013, DOG
núm. 85 do 3 de maio de 2013)
O Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

José Luis Cabarcos Corral

O alcalde do Concello de Ribadavia

César Fernández Gil



ANEXO I. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Stand e Jaimas	18.100,00 €
Zona restauración	8.228,00 €
Vídeo promocional e reportaxe fotográfico	786,50 €
Plan de Medios	5.700,00 €
Deseño Cartelería e Artes Gráficas	1.500,00 €
Merchandising	400,00 €
Community Manager	1.427,80 €

